



## INFORME ANUAL DE RESULTADOS

Master Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridad y Tecnología Alimentarias

Curso Académico: 2019/2020

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

<u>1. DATOS DO PROGRAMA</u>	
Denominación do programa	Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridad y Tecnología Alimentarias
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Escola responsable	Facultad de Ciencias
Centro/s Participantes	
Nome do/a coordinador/a do programa	Manuel Vázquez Vázquez
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	manuel.vazquez@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	2017/2018
Data acreditación ex ante (verificación)	8/05/2017
Data renovación acreditación	-

## 2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<a href="#">4316196 P.Ind 2019 20</a>
			<a href="#">4316196 INF.16 2019-2020</a>
			Codg:TítuloINF.CiUG_2019-2020 (n/d)
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	<a href="#">4316196 I2 2019-2020</a>
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	<a href="#">4316196 P.Ind 2019 20</a>
			<a href="#">5011 INF.03 2019-2020</a>
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<a href="#">4316196 P.Ind 2019 20</a>
			Codg:TítuloINF.04_2019-2020 (n/d)
			Codg:Centro_INF.05_2019-2020 (n/d)
			Codg:TítuloINF.06_2019-2020 (n/d)
			Codg:TítuloINF.07_2019-2020 (n/d)
			Codg:TítuloINF.08_2019-2020 (n/d)
			<a href="#">4316196 INF.09 2019-2020</a>
			<a href="#">5011 INF.10 2019 2020</a>
			<a href="#">5011 INF.11 2019 2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.13 1S 2019 2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.13 2S 2019 2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.14 2019 2020</a>
			<a href="#">5011 INF.21 2019 2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.22 2019 2020</a>
<a href="#">4316196 INF.23 2019 2020</a>			
<a href="#">4316196 Informe de indicadores 2019 20</a>			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	<a href="#">4316196 P.Ind 2019 20</a>
			<a href="#">4316196 Informe de indicadores 2019 20</a>
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e	<a href="#">4316196 E15 2019-2020</a>

		investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	<a href="#">5011 E16 2019-2020</a>
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	<a href="#">5011 I6-I7 2019-2020</a>
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	<a href="#">5011 I6-I7 2019-2020</a>
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	<a href="#">4316196 INF.13 1S 2019 2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.13 2S 2019 2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.14 2019 2020</a>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	<a href="#">5011 I10 2019 2020</a>
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	<a href="#">4316196 INF.15 2019-2020</a>
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	<a href="#">4316196 P.Ind 2019 20</a>
			<a href="#">4316196 INF.17 2019-2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.18 2019-2020</a>
			<a href="#">4316196 INF.19 2019-2020</a>
			Codg:Título INF_SIIU_2019-2020 (n/d)
			<a href="#">4316196 Informe de indicadores 2019 20</a>
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	<a href="#">4316196 P.Ind 2019 20</a>
			Codg:TítuloINF.CiUG_2019-2020 (n/d)
			<a href="#">4316196 Informe de indicadores 2019 20</a>
7	I14	Resultados de inserción laboral	Codg:Título _EIL-SIIU_2019-2020 Codg:TítuloEIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	<a href="#">4316196 P.Ind 2019 20</a> <a href="#">4316196 Informe de indicadores 2019 20</a> <a href="#">4316196 MedUSC 2019-2020</a>

### 3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

#### Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

#### ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

#### **Organización e desenvolvemento no curso 2019-20**

No curso 2017-2018 levouse a cabo a implantación do novo Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria. No curso 2019-2020 a segunda promoción realizou o terceiro semestre co desenvolvemento do programa formativo correspondente ás prácticas externas e Traballo Fin de Máster.

Xa tendo dúas promocións, nunha valoración inicial, tendo en conta tódolos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa formativo, constatouse que as guías docentes estanse cumprindo. Non se considera necesario levar a cabo modificacións do devandito programa polo momento.

Os procedementos de coordinación implican comunicacións e reunións frecuentes entre o coordinador do máster, alumnos e profesores.

No curso 2019-20, a oferta total de prazas fixouse en 25 e matriculáronse de novo ingreso un total de 10 estudantes. A titulación de procedencia e moi variada dentro do campo das Ciencias Experimentais que dan acceso o mesmo tal como se amosa na seguinte tabla.

#### **12. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - P1221V01**

Ano Académico	Titulación de procedencia	Núm. de estudantes
<b>2019/2020</b>	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos pola Universidade de León	1
	Grao en Innovación de Procesos y Productos Alimentarios pola Universidade Pública de Navarra	2
	Grao en Nutrición Humana e Dietética pola Universidade de	1
	Grao en Química pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Veterinaria pola Universidade de Santiago de	1
	Estudios Realizados no Estranxeiro	3
	Licenciado en Farmacia	1
<b>Total 2019/2020</b>		<b>10</b>

Por orixe xeográfica, os alumnos matriculados teñen procedencia moi variada. O alumnado procedente doutras

CC.AA. foi do 26,67% recibindo estudantes de Asturias, Andalucía, Castela e León, Madrid e Navarra. De fóra do EEES, recibimos estudantes de Arxentina, Perú, Uruguai e Ecuador.

A porcentaxe de matriculados que son titulados da USC foi do 56,67% (IN13M)., mostrando unha gran captación de estudantes doutras universidades. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6,78.

Os indicadores relacionados con este criterio achéganse a continuación.

Indicador	Descrición	2017-18	2018-19	2019-20
IN01M	Prazas ofertadas	25	25	25
IN02M	Matrícula	19	36	30
IN04M	Matrícula de novo ingreso	19	18	10
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	--	-5,26	-44,44
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	6,92	6,72	6,78
IN07M	% estudantes que acceden con nota $\geq 6$	93,75	100	85,71
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	5,26	8,33	10
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	10,53	16,67	26,67
IN12M	Taxa de ocupación (%)	76,00	72,00	40,00
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	52,63	58,63	56,67

Os indicadores mostran un descenso importante na matrícula neste curso. Faremos un seguimento desde aspecto para avaliar se debese a cuestión conxunturais o interna da titulación. Os datos provisionais do curso 2020-21 indican unha recuperación da matrícula.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M) e de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados incrementáronse neste curso e no anterior, amosando o interese no mesmo por estudantes de fora de Galicia.

## Perfil de ingreso

Á vista dos datos considérase de interese resaltar os seguintes aspectos respecto do perfil de ingreso:

- O 85,71% do alumnado de ingreso ten unha nota media de acceso igual ou superior a 6 no curso obxecto de seguimento.




Figura 1. Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis.

A procedencia xeográfica do alumnado foi moi variada. A porcentaxe de alumnado estranxeiro incrementouse ata o 10% (IN08M). Observase un incremento neste indicador co tempo, amosando o interese internacional do Máster.




Figura 2. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.

Doutras comunidades tamén incrementouse a porcentaxe progresivamente os últimos anos, chegando a 26,67% no curso 2019-20.




Figura 3. Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.

Dentro de Galicia, a distribución e dispersa entre as catro provincias. Tendo en conta o total de alumnos do máster entre o primeiro e segundo curso (36) temos esta distribución: A Coruña: 6; Lugo: 3; Ourense: 4; Pontevedra: 2. Datos en 4316196\_INF.16\_2019-2020.

### **Análise do perfil real de egreso**

No curso 2019-2020, a segunda promoción fixo o terceiro semestre. Esperamos ter datos de inserción laboral para o próximo informe.

#### **■ Criterio 2. Información e transparencia**

A páxina principal da USC na súa sección de admisión en programas de máster (<https://www.usc.gal/gl/admision/master>) ofrece información xeral a calquera grupo de interese, e especialmente, para estudantes. Conta con información completa e actualizada en tres idiomas (galego, castelán e inglés) sobre os requisitos de acceso para realizar estudos de máster segundo o Real decreto 99/2011, que se recollen no Regulamento de estudos de doutoramento da USC.

Na páxina web do centro está dispoñible información específica sobre o título, como memoria, horarios, guías docentes, profesores, prácticas externas, normativa e calendarios do TFM

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/minsta.html>.

A información dispoñible artículase en 10 apartados que se corresponden cos epígrafes habituais de seguimento dos títulos, e que son os indicados a continuación:



# Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Coordinador do título: Manuel Vázquez Vázquez

## Guía do Título:

- 1.- Descrición do título
- 2.- Xustificación
- 3.- Competencias
- 4.- Acceso e admisión de estudantes
- 5.- Planificación das ensinanzas
- 6.- Recursos humanos
- 7.- Recursos materiais e servizos
- 8.- Resultados previstos
- 9.- Sistema de garantía da calidade
- 10.- Calendario de implantación



Figura 4. Pantalla de a web do título en <https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/minsta.html>

### ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O sistema de garantía de calidade está instaurado no centro. Este foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación o 13 de decembro de 2012. O sistema de garantía de calidade da Facultade de Ciencias garante, a través dos seus procesos estratéxicos e clave, o desenvolvemento de procesos de seguimento, a renovación da acreditación e as posibles modificacións dos programas de doutoramento, a través da análise dos resultados dos programas adscritos a ela. Toda esta información utilízase para mellorar as cualificacións e a política e obxectivos de calidade de EDIUS.

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título (entre elas a Comisión académica do MINSTA), a Responsable de Calidade do Centro e os Coordinadores de Título (entre eles o coordinador do MINSTA). As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, que xa vai pola súa 5ª edición e que pode accederse en:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/FyhXHHQMgbiDQ4r7CPI8aU7WpSpF494mx43xiAilZO8/1619787781/public/documents/2021-04/manual-sgc-facciencias.pdf>

Compre suliñar, que no curso 2019-20, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu PLAN ESTRATÉXICO PONTE E PLAN DE MELLORA ANUAL 2020-2022, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas extratécnicas a desenvolver nos próximos dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado polas Comisión de Calidade. O plan está dispoñible públicamente no enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXjJF7RMxKDOgPzsP21IkJnB8cnY75gGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

No plan de melloras do curso 18-19 incluíase unha reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos a partir desde curso. Debido os poucos anos desde máster, considerase necesario facer esta avaliación en cursos futuros, cando xa tengamos 2 ou 3 promocións de egresados.

## Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

### ■ Criterio 4. Recursos Humanos

#### PDI

Actualmente participan no título 47 profesores, dos cales 10 son expertos externos. Os recursos humanos son adecuados e suficientes para o correcto desenrolo do máster e a consecución dos resultados. O PDI que imparte docencia no MINSTA está adscrito aos departamentos que de seguido se relacionan, xunto co número de profesores en cada caso e a tipoloxía do profesorado. A maior parte da docencia é impartida por titulares de universidade (38,78%) e por catedráticos de universidade (26,31%). Considerase axeitado para un máster de investigación.

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título	Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias		Centro Facultade de Ciencias RUCT 4	
Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas
Profesional área externa	12	24,49%	89,50	13,44%
Profesor: Catedrático de Universidade	11	22,45%	175,25	26,31%
Profesor: Colaborador	1	2,04%	46,00	6,91%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	2	4,08%	45,00	6,76%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	3	6,12%	42,00	6,31%
Profesor: Profesor interino	1	2,04%	10,00	1,50%
Profesor: Titular de Universidade	19	38,78%	258,25	38,78%
<b>Total *</b>	<b>49</b>	<b>100,00%</b>	<b>666,00</b>	<b>100,00%</b>

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA				
Título	Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias		Centro Facultade de Ciencias RUCT 4	
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
Departamento externo vinculado ás titulacións	[P1151] Área externa M.U en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias	2	0	
	[P1221] Área externa M.U en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias	10	0	
Enxeñaría Química	[555] Enxeñaría Química	1	4	2
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	1	6	0
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[315] Farmacoloxía	5	22	18
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía	2	10	8
Organización de Empresas e Comercialización	[095] Comercialización e Investigación de Mercados	1	0	0
	[650] Organización de Empresas	1	5	1
Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	[705] Produción Vexetal	1	6	4
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	[680] Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos	1	6	4
Química Análítica, Nutrición e Bromatoloxía	[640] Nutrición e Bromatoloxía	13	54	44
	[750] Química Análítica	3	15	10
	[780] Tecnoloxía de Alimentos	7	34	30
Química Física	[755] Química Física	1	6	6
<b>Total **</b>		<b>49</b>	<b>168</b>	<b>127</b>

## PAS

En canto ao persoal de administración e servizos, contase coa dotación adscrita á Facultade de Ciencias e aos servizos directamente vinculados coa titulación. O centro dispón actualmente do persoal que se indica na táboa seguinte:

Categoría	Número
Auxiliar Técnico Informático	2
Conserxe	1
Oficial de Servizos	1
Responsable de Asuntos Económicos	1
Responsable de Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	1
Técnico Especialista en Informática- Especialidade Administración de Sistemas	1
Técnico en Investigación	2
Total Persoal	10

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizáis a única acalaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación. Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar dúas fundamentais:

### 1. Xestionar a actividade de laboratorio:

- Actuar baixo as regras de boas prácticas, aplicar as principais medidas de seguridade, hixiene e protección ambiental no laboratorio, fundamentalmente no referido ao procesamento e eliminación de residuos.
- Actualizar a documentación para unha rápida consulta, así como a distribución e actualización da documentación técnica para o seu uso no laboratorio.
- Realizar tarefas de limpeza e mantemento de materiais e equipamentos e realizar as reparacións básicas necesarias e comunicar avarías importantes.
- Afinar e calibrar os equipos existentes nos laboratorios para realizar as diferentes análises.
- Xestionar os recursos do laboratorio e controlar as existencias.
- Prestar soporte técnico aos usuarios e instruírles sobre o uso do equipo.
- Realizar probas de identificación, medición e análises.

### 2. Apoio á docencia

- Proporcionar soporte técnico para a programación de clases prácticas.
- Colaborar no desenvolvemento de clases prácticas baixo a dirección do profesor.
- Demostrar como manexar o equipo.

Considérase así mesmo, que o persoal PAS é axeitado e suficiente para as tarefas a desenvolver no MEPA, ademais a súa cualificación e adicación é moi apropiada aos fins do título.

## ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, onde se desenvolve a docencia do MINSTA, dispón de instalacións, recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do máster: A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Existen 11 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor.

Hai tamén tres aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen pizarra dixital. Segundo datos proporcionados polo centro e a Area de Calidade e mellora dos procedementos da USC, no curso de referencia había 61 ordenadores conectados á rede para docencia, ademais doutros 16 equipos para tarefas administrativas e de xestión.

De se lo caso, se dispón tamén de 8 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas ubicados no edificio colindante. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con 86 prazas con acceso a rede wifi e con 13 ordenadores conectados a internet para uso libre do alumnado.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na biblioteca de campus denominada Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións ubicadas no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de pero de 0.50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). ademais existe dispoñibilidade de máis 500 outras publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

E de interese comentar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con promedios superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da Facultade de Ciencias, para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., compre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestructuras e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación.

No curso 2019-20, no que unha parte da docencia tivo que levarse a cabo de forma telemática por imperativo de saúde pública, as infraestructuras informáticas e os servizos relacionados con elas tiveron unha importancia capital á hora de proporcionar rapidamente ferramentas axeitadas para este fin. O feito de dispor na USC das packages Microsoft, integrando entre eles a videoconferencia TEAMS, supuxo que a posibilidade de implementar docencia on-line de forma rápida e eficiente fose perfectamente posible. Por iso haberá que seguir profundizando na dispoñibilidade de software e hardware para á docencia on-line, e incrementado a formación do profesorado neste eido.

### Dimensión 3. Resultados

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

#### ■ Criterio 6. Resultados do programa formativo

Considerando que é o terceiro ano que se imparte este máster no centro, os resultados do título plasmados nos indicadores de rendemento (96,43%), éxito (100 %) e avaliación (96,43 %) son moi bos se os comparamos con os previstos na memoria do título, onde estimábase un 90% para estes indicadores. O indicador de Taxa de graduación foi do 78,95%, inferior a media da USC (85,12%).

		2017-18	2018-2019	2019-2020
T. Rendemento(%)	IN34M	96,29	97,07	96,43
T. Éxito(%)	IN35M	100,00	99,44	100
T. Avaliación(%)	IN36M	96,29	97,62	96,43
T. Eficiencia(%)	IN53M	--	100	97,76
T. Graduación(%)	IN37M	--	--	78,95

#### ■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento

##### A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

A taxa de resposta a esta enquisa foi do 60% no primeiro semestre e do 50% no segundo semestre. A valoración global foi de 4,36 no primeiro semestre e de 4,10 no segundo. Na satisfacción do alumnado coa titulación, por desgracia ten unha taxa de resposta moi baixa (7,41%), o que fai que non se podan sacar conclusións.

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias  
(P1221P01) 1S

Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Curso académico	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	N/A	N/A	N/A	4.00	4.43
Cumpre co programa e o plan de traballo pre visto?	N/A	N/A	N/A	4.08	4.39
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	N/A	N/A	N/A	3.88	4.00
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	N/A	N/A	N/A	4.03	4.36
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia?	N/A	N/A	N/A	3.95	4.29
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	N/A	N/A	N/A	3.97	4.30
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	N/A	N/A	N/A	3.99	4.41
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	N/A	N/A	N/A	3.98	4.25
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	N/A	N/A	N/A	4.01	4.29
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	N/A	N/A	N/A	4.15	4.71
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?	N/A	N/A	N/A	4.16	4.46
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?	N/A	N/A	N/A	4.03	4.50
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?	N/A	N/A	N/A	4.13	4.29
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	N/A	N/A	N/A	3.99	4.32
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	N/A	N/A	N/A	4.00	4.41
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	N/A	N/A	N/A	4.01	4.36
<b>Curso académico</b>	<b>2015/2016</b>	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>
Valoración global	N/A	N/A	N/A	4.02	4.36
Participación	N/A	N/A	N/A	85.71%	60.0%

## Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (P1221P01) 2S

### Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Curso académico	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.08
Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia	N/A	N/A	N/A	N/A	4.13
Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19	N/A	N/A	N/A	N/A	4.44
O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase	N/A	N/A	N/A	N/A	3.85
O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	N/A	N/A	N/A	N/A	4.34
O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.)	N/A	N/A	N/A	N/A	4.02
Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc) fóronme de axuda na preparación da materia	N/A	N/A	N/A	N/A	4.06
A carga de traballo (tarefas, lecturas, etc.) foi adecuada aos contidos e créditos da materia	N/A	N/A	N/A	N/A	4.22
De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada	N/A	N/A	N/A	N/A	4.26
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia	N/A	N/A	N/A	N/A	3.96
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	N/A	N/A	N/A	N/A	3.86
<b>Curso académico</b>	<b>2015/2016</b>	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>
Valoración global	N/A	N/A	N/A	N/A	4.10
Participación	N/A	N/A	N/A	N/A	50.0%

Os indicadores do primeiro semestre melloraron en comparación co curso anterior. Do segundo semestre non hai resultados do curso anterior. Se comparamos entre o primeiro e segundo semestre, podemos ver valores lixeiramente menores na valoración global media do segundo semestre. Isto pode estar relacionado coa docencia on-line debida a situación sanitaria derivada do Covid que afectou solo o segundo semestre. Inda así, son valores razoablemente bos.

Na enquisa de satisfacción global da titulación a participación foi moi baixa (7,41%), seguramente relacionado coa situación sanitaria derivada do Covid, polo que os resultados non se poden considerar significativos.

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Satisfacción do alumnado coa titulación

Curso académico	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	N/A	N/A	N/A	4.50
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	N/A	N/A	N/A	3.00
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	N/A	N/A	3.50
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	N/A	N/A	N/A	2.50
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	N/A	N/A	2.50
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	N/A	N/A	N/A	3.00
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	N/A	N/A	N/A	3.50
Os horarios deste cursos foron axeitados?	N/A	N/A	N/A	2.00
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	N/A	N/A	2.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	N/A	N/A	3.50
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	N/A	N/A	1.50
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	N/A	N/A	N/A	2.50
A oferta de prácticas é atractiva?	N/A	N/A	N/A	1.00
A xestión do TFM é axeitada	N/A	N/A	N/A	2.00
A oferta dos TFM é interesante?	N/A	N/A	N/A	3.00
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación neste curso.	N/A	N/A	N/A	2.50
<b>Curso académico</b>	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>
Valoración global	N/A	N/A	N/A	2.73
Participación	N/A	N/A	N/A	7.41%



## B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

### Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida

#### Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (P1221P01)

Curso académico	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media
O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.50
Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.50
Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.67
Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente	N/A	N/A	N/A	N/A	4.44
O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.50
O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,?) son axeitados para o desenvolvemento da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.11
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.28
Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.)?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.33
Organizo e estruturo ben as miñas clases?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.89
Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.83
Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.83
Manteño un trato correcto cos estudantes?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.94
Estou satisfeita/o coa titorización do TFG/TFM	N/A	N/A	N/A	N/A	4.56
En xeral, estou satisfeita/o coa miña labor docente?	N/A	N/A	N/A	N/A	4.67
Mantiven unha comunicación axeitada co estudantado (correo electrónico, campus virtual, Teams, etc.)	N/A	N/A	N/A	N/A	4.71
Estou satisfeito coas ferramentas, instrumentos e canais postos á miña disposición para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria?	N/A	N/A	N/A	N/A	3.41
Valora a túa experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto	N/A	N/A	N/A	N/A	3.41
Estou satisfeito co desenvolvemento da docencia non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria	N/A	N/A	N/A	N/A	3.50
Estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitari	N/A	N/A	N/A	N/A	3.38
<b>Curso académico</b>	<b>2015/2016</b>	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>
Valoración global	N/A	N/A	N/A	N/A	4.34

A valoracións da satisfacción do profesorado coa docencia impartida mostra valores máis baixos nos puntos relativos a situación sanitaria debido a pandemia do Covid, especialmente no apartado de non ter experiencia previa para a docencia e avaliación en remoto.

### C) Satisfacción do profesorado coa titulación

Os resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación se atopan resumidos de seguido:

## Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

### Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	N/A	N/A	4.44
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	N/A	N/A	4.50
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	N/A	N/A	4.00
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	N/A	N/A	4.06
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	N/A	N/A	4.75
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	N/A	N/A	4.25
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	N/A	N/A	4.00
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	N/A	N/A	4.13
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	N/A	N/A	4.63
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	N/A	N/A	4.31
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	N/A	N/A	3.94
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	N/A	N/A	4.06
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	N/A	N/A	4.06
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	N/A	N/A	4.19
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	N/A	N/A	4.63
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	N/A	N/A	4.56
O alumnado implícase na titulación?	N/A	N/A	N/A	4.31
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	N/A	N/A	4.25
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	N/A	N/A	N/A	4.25
<b>Curso académico</b>	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>	<b>2018/2019</b>	<b>2019/2020</b>
Valoración global	N/A	N/A	N/A	4.28
Participación	N/A	N/A	N/A	32.65%

Como pode verse pola respostas do 32,65% dos docentes, aprox., en xeral pode asumirse un grao de satisfacción elevado do profesorado coa titulación. En xeral valóranse positivamente aspectos organizativos do título (horarios, traballo ben distribuído, calendario axeitado, etc...), a calidade docente do título, e a capacidade dos alumnos para afrontar o máster e a súa implicación no título. É moi destacable a alta valoración que se fai da utilidade do campus virtual (4,75/5).

Por contra no extremo oposto, o profesorado valora o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos do título do xeito máis baixo cun 3.94/5. E aínda que o valor pode considerarse aceptable, é un indicativo de que será necesario revisar e mellorar.

### Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción

- Satisfacción dos Titores Externos cos programas de prácticas externas:

Os titores profesionais amosan unha satisfacción alta (4,5) no curso 18-19 que está en liña cos valores medios da Universidade para todos os aspectos avaliados. Dado que esta enquisa constitúe en certa medida unha avaliación externa do grao de preparación dos estudantes de máster. Neste curso non se puideron realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid.




Figura 5. Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas.

- Satisfacción dos Titores Académicos cos programas de prácticas externas

Neste máster existe un único titor académico para tódolos estudantes, amosando unha satisfacción total no curso 2018-2019. Neste curso non se podeiro realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid.




Figura 6. Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas.

– Satisfacción dos Estudantes cos programas de prácticas externas

No curso 2018-19 os datos recollidos reflicten un grao de satisfacción medio de 3,75. Neste curso non se podeiro realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid.




Figura 7. Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas.

– Satisfacción dos egresados

Comenzamos a ter datos de egresados desde este curso (4316196\_INF.09\_2019-2020) . Desafortunadamente so ha respondido 1 egresado, polo tanto os resultados da enquisa non son estadisticamente confiáveis.

#### 4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	
	Orixe	Orixe acción	
		Descrición orixe	
	Definición	Análise causa	
		Definición/descrición proposta	
		Data prevista de finalización	
		Data inicio	
Responsables	Usuario responsable da implantación		
	Outros responsables da implantación		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

## 5. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación